

The background of the slide is a close-up, slightly blurred image of several Euro banknotes. Visible are parts of a 20 Euro note (blue and purple), a 50 Euro note (orange and yellow), and a 100 Euro note (red and orange). The European Union flag is also partially visible in the top left corner.

3. Os sistemas económicos

Para comezar

- Que entendes por globalización?
- Pensas que vivimos nun sistema económico xusto?
- Cantos sistemas económicos coñeces a día de hoxe?
- Cales son os sectores de actividade económica na nosa sociedade? Cal consideras que é o máis importante?

Os sistemas económicos

Os sistemas económicos son sistemas de poder. A decisión sobre a organización da propiedade, a vontade de quen goberna de redistribuír ou non intervir, son puntos de partida para crear sociedades máis ou menos xustas. Vivimos nun mundo globalizado no que todo está interconectado entre si. Ao longo desta unidade poderás comprobar como funcionan os circuitos económicos da túa contorna máis próxima.

O noso proxecto



O noso proxecto

Unha vez analizados e debatidos na aula o punto de partida da pandemia, a súa evolución e os límites competenciais das comunidades autónomas é hora de comezar a redactar as pezas informativas da nosa revista científica.

O artigo xornalístico

Para ser avaliado ou avaliada terás que escribir un artigo xornalístico, de maneira individual ou en grupo, onde expoñas o sucedido, partindo da situación de emerxencia e chegando á situación excepcional vivida, sempre explicando o contexto da lexislación vixente. Podes apoiarte no seguinte guión:

1. O punto de partida. A situación sanitaria, a presión asistencial, a situación nas UCI, os niveis de contaxio etc.	Podes buscar información na Rede, en hemerotecas de xornais ou en programas de radio e TV.
2. O estado de alarma e os dereitos e liberdades. O estado de alarma declárase e hai dereitos e liberdades que se ven afectados.	Debes recorrer á Constitución para xustificar estas limitacións, a declaración do estado de alarma e como se garante a restauración de dereitos. Non esquezas os artigos 55 e 116 da Constitución, ademais da lei orgánica 4/1981. Alí atoparás todo o que buscas.
3. As competencias estatais e das CC.AA. A sanidade é unha competencia transferida ás comunidades autónomas. Durante o estado de alarma houbo conflitos entre elas e o Estado, quen ten a competencia exclusiva en "sanidade exterior (Bases de coordinación xeral da sanidade. Lexislación sobre produtos farmacéuticos)". Isto produciu distintos desencontros entre o goberno central e os autonómicos, xa que era o Estado quen tiña que coordinar a sanidade, ditando algunhas medidas que afectaban á saúde pública e non sempre gustaban.	Busca algún desencontro entre ambas institucións e explícao. Por se te despistas, propoñémosche algúns temas conflitivos, como foron a adquisición de máscaras e vacinas ou a utilización e compra de respiradores.

Consellos para a elaboración do artigo

- Trátase de que narres o acontecido pero desde un punto de vista legal, é dicir, que expliques como se chega á declaración do estado de alarma, o que supón e que o analices e xustifiques desde a lexislación vixente.
- Debes ter sempre en mente a relación causa efecto, partindo do seguinte: a pandemia estase descontrolando en España causando numerosas mortes; hai que tomar medidas drásticas; a Constitución bríndanos unha, o estado de alarma que consiste en....
- Lembra que o artigo é unha redacción, non un cuestionario de preguntas.
- Todo o exposto ten que ter referencias, polo que terás que buscar información.
- Podes acompañar o artigo con imaxes e ligazóns a vídeos pero sempre citando a fonte.

Os artigos serán expostos na aula para que, de entre todos, sexan elixidos aqueles que merecen ser publicados na revista do proxecto.

Podes avaliar o teu traballo e o do teu equipo con esta rúbrica de autoavaliación e coavaliación.

Que é un sistema económico?

O circuito económico

As sociedades teñen que organizarse para **producir** e **distribuir** os bens e servizos que **consume** a cidadanía. En sociedades primitivas, a dimensión dos grupos que as formaban e as necesidades destas eran limitadas. Pero, canto máis avanzamos na historia, as actividades económicas amplíanse, fanse máis complexas e, moitas veces, agréndanse de xeito notable as distancias entre lugares de produción e de consumo.

A actividade económica abrangue tres compoñenes esenciais: produción, distribución e consumo. Diferéncianse nela tres sectores produtivos: **primario** (agricultura, gandería, pesca e silvicultura), **secundario** (minaría, industria e construción) e **terciario** (servizos públicos e privados).

Cada sistema económico ten unha serie de **axentes** (tribos, familias, empresas, Estado) que teñen a propiedade ou o usufruto das **terras**, do **traballo** e do **capital**. Estes tres últimos son os chamados factores de produción. Esencialmente, consisten nos recursos naturais -renovábeis e non renovábeis-, no capital (humano e financeiro) e na tecnoloxía, que muda e amplíase a cada paso. Con eles póñense en funcionamento os bens e servizos que cubrirán as necesidades dos axentes económicos.

Os principais axentes económicos son:

O Estado

É o encargado de cobrar impostos e de crear e manter determinadas infraestruturas necesarias para a cidadanía. Tamén xestiona e coordina áreas esenciais como a educación e a sanidade.

As empresas

Son as que fabrican bens, pagan impostos e empregan aos traballadores.

As familias

As familias nutren de man de obra ao Estado e ás empresas, ao tempo que son parte esencial do consumo.

Os **bens económicos** son escasos. Non son bens libres, como poden ser o aire ou a luz do sol que podemos gozar sen pagar. Calquera ben económico ten un prezo, como consecuencia das materias primas, tecnoloxía e man de obra empregadas en facelo e distribuílo.

O capitalismo

Á hora de xestionar un sistema económico, hai que enfrontarse á pregunta de: cal é o papel do Estado na economía? A resposta ten dado lugar a sociedades organizadas de xeito ben diferente: a maioría manteñen a propiedade privada dos medios de produción; noutros casos, a propiedade corresponde ao Estado, que organiza unha economía planificada.

Na actualidade, predomina no planeta Terra unha organización económica capitalista, na que o respecto á propiedade e as iniciativas privadas son esenciais. Pero incluso dentro do capitalismo, hai tendencias diferentes, que restrinxen ou aumentan a liberdade dos individuos en función do poder da maquinaria estatal. No século XXI, o triunfo do libre mercado chegou a antigos países socialistas que restrinxiran a propiedade privada; tal é o caso de China, que a ten impulsado desde finais do milenio

anterior. Ou a antiga URSS, primeiro estado en nacionalizar os medios de produción (terra, fábricas, ferramentas,...), que desapareceu en 1991 deixando como herdeira principal a Rusia.

Case todo o mundo vive nun sistema económico no que:

- A man de obra é libre e asalariada.
- O capital é predominantemente privado.
- As decisións dependen, sobre todo, das empresas, que buscan sempre o máximo beneficio económico.

A **lei da oferta e a demanda** regula o mercado. No sistema capitalista, nunha situación ideal de competencia perfecta, os prezos baixan cando hai máis oferta ca demanda. En caso contrario, os prezos ascenden.

O sistema capitalista permite tamén a existencia de empresas privadas ou públicas (aquelas nas que a xestión tamén depende do Estado). Segundo o tamaño, estas empresas poden ser:

Pequenas: menos de 50 traballadores.

Medianas: de 50 a 250 traballadores.

Grandes: máis de 250 empregados. Os maiores salarios e oportunidades adoitan darse nas empresas grandes, que tenden a controlar o mercado coas súas producións.

Actividades

1. Responde no teu caderno as seguintes cuestións:

- Enumera tres actividades de produción e tres de consumo.
- Identifica tres recursos naturais non renovables e outros tres renovables.
- Enumera as características esenciais do capitalismo a nivel económico.

2. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

Cando na peixería hai moito peixe a baixo prezo, é que a oferta é escasa e a demanda elevada.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O Estado é un axente económico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O capitalismo non respecta a propiedade privada.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Durante o século XX, a meirande parte dos países do mundo eran comunistas.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

Os móbiles son un ben económico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

3. Observa a seguinte gráfica e debate cos teus compañeiros e as túas compañeiras. Por que se afirma que China deixou de ser un país comunista?



4. **Actividade de ampliación.** Escribe no teu caderno exemplos concretos de empresas públicas e privadas segundo o seu tamaño (pequenas, medias ou grandes). Consulta os [datos do IGE sobre taxa de demografía empresarial en Galicia máis recentes](#) e elabora un gráfico de barras coa distribución das empresas galegas segundo o seu tamaño.

Sectores da actividade económica


As actividades económicas

As actividades económicas desenvolvidas nunha sociedade agrúpanse en tres sectores esenciais:

O sector primario

Este sector inclúe todas as actividades esenciais destinadas á produción e extracción de alimentos (caza, pesca, agricultura, gandería e silvicultura). Son actividades practicadas desde a Prehistoria, e ocupan hoxe en día a unha porcentaxe escasa da poboación activa. Hai máis emprego nestas actividades nos países menos desenvolvidos ca nos desenvolvidos.


Poboación activa no sector primario (en %)



O sector secundario

Agrupa ás actividades mineiras e ás de transformación de materias primas en produtos manufacturados. A minería, a construción e a industria son exemplos destas actividades. En todos os países houbo unha tendencia ao crecemento da poboación activa neste sector no momento da industrialización. Nos países industriais por excelencia, a porcentaxe de poboación activa pode chegar ao 30% do total.


Poboación activa no sector secundario (en %)



O sector terciario

Podemos considerar este sector como un “caixón desastre” no que aparecen actividades de **servizos** ben diversas. Hoxe en día, este é o sector que conta con máis poboación activa na maioría dos estados. Os servizos poden ser básicos ou especializados, en función da cualificación do persoal que os realiza. Así, tarefas domésticas remuneradas que esixen pouca especialización conviven -neste sector- con servizos de alta especialización tecnolóxica. Unha limpadora e unha investigadora científica son persoal terciario, se ben o grao de cualificación dunha e doutra varía notablemente. Ás veces, para agrupar os servizos especializados, distínguese o sector cuaternario.

Os servizos, ademáis, poden ser públicos (prestados polo Estado, como a sanidade e a educación) ou privados (todos aqueles que dependen da contratación de empresas privadas ou autónomos).



Potencias económicas no mundo actual

No mundo actual, os países menos desenvolvidos seguen a manter unha economía baseada na produción de materias primas procedentes do sector primario. Por contra, os países máis desenvolvidos orientaron a súa economía claramente ao predominio do sector servizos. Isto último é o que acontece nas áreas xeográficas da nosa contorna (Galicia, España, Europa). Algúns países, como China e os *catro tigres asiáticos* (Hong Kong, Singapur, Taiwán e Corea do Sur, tamén chamados *NPI*, “novos países industrializados”), manteñen un peso moi notable da actividade industrial. Tanto que a China coñéceselle habitualmente como “a fábrica do mundo”.


Á hora de agrupar os estados segundo a súa potencia económica, cabe distinguir os seguintes grupos:

1. A **Tríada económica**, configurada polos países tradicionalmente máis

desenvolvidos. Aséntanse en América do Norte, Europa occidental e Xapón. Boa parte deles son membros do G-7.

2. Os **países emerxentes**, potencias que medraron notablemente desde finais do século XX. Entre eles destacan os BRIC e outros hoxe en día integrados no G-20.
3. Os **países menos desenvolvidos (PMD)**, integrados, sobre todo, por economías africanas, asiáticas e latinoamericanas. Son herdeiros do antigo *Terceiro Mundo*, no que o desenvolvemento económico é máis feble e está ligado, moitas veces, á exportación de materias primas de distinto tipo.

A Nova Orde Económica Internacional



Mapa sobre potencias mundiais e bloques económicos.

Actividades

1. Responde no teu caderno:

Cales son as rexións do mundo nas que predomina o emprego industrial?

2. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

A silvicultura é unha actividade do sector secundario.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Dentro dos BRIC'S está Suecia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A Tríada é o conxunto dos tres grandes xigantes económicos asiáticos: China, Xapón e Corea do Sur.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Na meirande parte de África subsahariana predomina a poboación activa empregada no sector terciario.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A industria dos automóbiles está incluída no sector secundario.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

3. Elabora un mapa nesta web cos países membros da OPEC (OPEP). Debuxa os intervalos de cores en función da súa produción anual (intervalos en miles de barriles por día -bpd-: <5000 bpd, 5001-1000 bpd, >10000 bpd), a partir dos [datos que se che proporcionan de 2017](#). Investiga sobre as orixes e función desta organización [nesta ligazón](#).
4. Representa no teu caderno un gráfico lineal que recolla a posible evolución do PIB dos países indicados a continuación:

Ranking de países con maior produto interior bruto (PIB) estimado de 2020 a 2026(en miles de millóns de \$)							
	2020	2021*	2022*	2023*	2024*	2025*	2026*
Estados Unidos	20932.80	22675.30	24003.70	24892.60	25790.10	26719.60	27659.20
China	14722.00	16642.30	18013.40	19423.50	20910.50	22481.40	24127.80
Xapón	5048.70	5378.10	5653.50	5977.40	6170.40	6351.10	6533.00
Alemaña	3803.00	4319.30	4598.10	4757.70	4923.00	5084.40	5253.10
Reino Unido	2711.00	3124.70	3340.80	3490.30	3660.60	3838.70	4027.90
India	2708.80	3049.70	3313.00	3591.00	3884.70	4199.00	4534.30
Francia	2598.90	2938.30	3138.90	3242.50	3342.40	3442.50	3538.70
Italia	1884.90	2106.30	2231.90	2295.70	2348.20	2400.00	2451.40
Canadá	1643.40	1883.50	2030.60	2143.00	2243.40	2349.50	2466.70
Corea do Sur	1630.90	1806.70	1885.70	1967.90	2052.90	2138.00	2220.70
Rusia	1473.60	1710.70	1777.10	1827.00	1879.50	1939.00	2004.20
Brasil	1434.10	1491.80	1636.40	1769.70	1922.40	2050.40	2172.10
Australia	1359.30	1617.50	1693.00	1773.00	1848.90	1929.10	2017.30

Fonte: Statista, 2021

Logo distingue entre eles cales son membros da Tríada e cales son países emerxentes.

Agora, a partir desta [ligazón](#), escolle os cinco países menos desenvolvidos. Con eles terás que facer un histograma comparativo do seu PIB co PIB dos cinco países máis desenvolvidos da taboa anterior. Analiza os contrastes.

Os sistemas económicos “arcaicos”

Autosubsistencia e precapitalismo

Existen espazos na Terra que permanecen alleos ao capitalismo global, zonas nas que milleiros de persoas permanecen ancoradas en estruturas moi básicas.

Falamos de pobos como os san (bosquimanos do Kalahari), os indios amazónicos, os sami de Laponia, os inuit do círculo polar ártico ou mesmo aborixes australianos. Neses alonxados desertos e mestas selvas, tribos tradicionais de efectivos moi reducidos manteñen unha relación máxica e non económica coa Terra. Seguen coas súas actividades de caza, pesca e colleita, ou de vida nómade en espazos de severa adaptación climática. En ocasións, as recentes xeracións entraron en contacto pleno co capitalismo ou coa “protección estatal” que as mantén como “elemento exótico” para elaborar artesanías típicas ou guiar a turistas polo espazo autóctono. Os Estados mesmo subvencionan a algunhas destas poboacións, proporciónanlles lecer e alcohol para “sobrellevar” as depresións psicolóxicas da xente que non pode exercer o seu modo de vida tradicional. Ese xeito de vida arcaico era moi respectuoso co planeta Terra, algo que está a cambiar co hipercapitalismo e a destrución de selvas para sementar cultivos destinados ao mercado internacional.



Sabías que...?

Ao longo da historia houbo determinados sistemas ideolóxicos que tentaron “converter” aos indíxenas en educados humanos habituados ás súas regras. Con espírito colonial, e ás veces con axuda de institucións relixiosas, como a Igrexa católica, competiron por crear “xente nova”, desprovista de ataduras cos seus antigos sistemas ideolóxicos.

En xuño de 2021, foi descuberta unha [foxa común](#) con 215 nenas e nenos indíxenas nun antigo internado en Kamloops (Canadá). Calcúlase que entre 1883 e 1996 un total de 150.000 nenas e nenos indíxenas foron recluídos en internados en Canadá, formando parte dun programa colonial deseñado para despojar ás nacións indíxenas da súa identidade e anular o seu futuro. O obxectivo era “crear un ser novo”, que sen dúbida estivese moi lonxe do modo de vida indíxena e se adaptase ao capitalismo dominante.

O sistema económico no que viven milleiros destas persoas é de autosubsistencia, en terras compartidas, ou nos que a propiedade lévase ás costas (pénsese nos mongois que carrexan tódolos seus enseres nas cabanas tradicionais desmontables, as iurtas).

Pero cada vez existen menos destes espazos, os Estados intentan reducir os territorios habitados polas poboacións indíxenas, arrogándose a protección sobre eles.

Un bo exemplo deste tipo de situacións sería a dos san, que foron expulsados das súas terras cando descubriron diamantes no subsolo no que habitaban.

Fonte: [Isewell \(Wikipedia\)](#)



Membros da tribu San prendendo lume.

A esta poboación nativa só lles queda loitar polo seu na xustiza, unha xustiza que paga o propio Estado que os quere expulsar.

Nas sociedades primitivas, a xestión de terras e beneficios faise comunalmente, por parte da tribo. A propiedade privada cónguese aos bens máis persoais. O individualismo capitalista fende este sistema unha vez que as novas xeracións se integran no modo de vida dominante.

A Revolución Industrial, o capitalismo e o socialismo

Cabe recordar aquí outro sistema económico-social xa extinto, propio da Idade Media europea, falamos do feudalismo. Un sistema que, como ben sabes, organizou a economía arredor dunha división social na que existían estamentos impermeables uns aos outros. A súa economía caracterizouse por unha alta dependencia da agricultura de subsistencia.


A Revolución Industrial, ao introducir novas técnicas de explotación agrícola e xerar unha nova forma de relación entre empresarios e traballadores, contribuíu ao abandono paulatino do sistema económico feudal. Na actualidade existen zonas ou grupos sociais que manteñen trazas sociais propias do feudalismo.

Todo sistema económico está estreitamente unido ao sistema social no que se implanta. O Imperio romano xa buscou o máximo rendemento económico, e beneficiáronse del os grandes latifundistas, mais a costa de explotar a unha poboación maioritariamente escrava, sen dereitos nin propiedades. O feudalismo que o reemprazou mantivo unha estrita división social, algo que cambiou na época contemporánea na que aparecen novas formas de organización socio-económica, principalmente, o marxismo e o capitalismo.

Observa nas seguintes infografías as características principais do capitalismo e do socialismo:



SOCIALISMO



Actividades

1. **Debate.** Creade grupos de catro persoas e analízade o que aconteceu en Canadá coas nenas e nenos indíxenas. Que opinades sobre o tema?
2. Relaciona correctamente os seguintes pobos indíxenas co territorio actual (maioritariamente) nos que viven.

Yanomami

Montañas de Alxeria

San

Maoríes

Bereberes

Inuit

Selva amazónica

Norte de Canadá

Deserto do Kalahari

Nova Celandia

3. Observa este [video](#) e realiza unha infografía sobre as características dos pobos indíxenas amazónicos. Como sabemos da súa existencia? Cales son as súas principais ameazas? Cal é a súa relación coa natureza?

O sistema económico comunista

As bases ideolóxicas do sistema comunista

En 1848, **Marx** e **Engels** publicaron o *Manifesto Comunista*. Propuxeron a revolución como xeito de transformar a sociedade e o sistema económico. Do seu pensamento arranca o socialismo revolucionario, que pretendeu máis tarde en Rusia e China instaurar o comunismo, unha alternativa ao capitalismo dominante.

A teoría marxista apuntalou unha serie de ideas fundamentais:

- Cada sistema económico caracterízase por un **modo de produción**, que analiza o papel de propietarios (latifundistas romanos, señores feudais, capitalistas burgueses) e traballadores (escravos, servos, proletarios) en cada época da historia.
- En todo momento acontece, polo tanto, unha **loita de clases** entre a clase dominante e a dominada. O único xeito de cambiar a sociedade é a revolución.
- No capitalismo do século XIX, o proletariado percibe un salario inferior ao valor creado co seu traballo. O capitalista aprópiase, polo tanto, da plusvalía.
- A revolución socialista levará ao establecemento dunha **ditadura do proletariado**, fase intermedia na que deben nacionalizarse os medios de produción (a terra, a banca, as empresas), eliminar a propiedade privada e instaurar o control da economía por parte do Estado. Esta fase sería intermedia, antes da chegada do **comunismo** definitivo, na que o reparto de bens faríase segundo o principio de “a cada quen segundo as súas

A ideoloxía comunista. Exemplos reais

A experiencia breve da Comuna de París en 1871 non puido establecer unha verdadeira organización do estado marxista. Habería que esperar ata a Revolución bolxevique de 1917 en Rusia, da que nacería a URSS, un estado federal de repúblicas socialistas. Tamén a proclamación da República Popular China en 1949 aumentou o número de habitantes do mundo baixo réximes a si mesmos chamados comunistas.

Cuba e Corea do Norte tamén foron estados que asumiron este tipo de organización estatal. Hoxe en día, entre os países *exclusivamente comunistas* só podemos contar a Corea do Norte, xa que outros que o foron no pasado adoptaron tamén estruturas capitalistas de economía de mercado.

Corea do Norte permanece como un réxime comunista de planificación e propiedade estatais.



Sabías que...?



Un dos países comunistas máis illados do exterior -no mundo actual- é Corea do Norte. Nel, a pesares da pretensión de igualdade formulada polo comunismo, hai unha rixida división social xa establecida en tempos de Kim Il-Sung, o fundador da dinastía que goberna o país. É o *songbun*, unha xerarquía que distingue entre “o núcleo ou amigables”, “os neutrais” e “os hostís ou inimigos” ao réxime. En función diso, uns gozan de maior poder económico e comodidades, pero outra xente vive na miseria. Os mandatarios e a clase media gozan dun comfortable nivel de vida na capital (Pyongyang). En cambio, unha quinta parte dos nenos menores de cinco anos sofre desnutrición, e preto de 100.000 persoas viven confinadas en campos de traballo. No conxunto do país, o dirixismo económico e o control da cidadanía é a norma. Aínda así, un capitalismo *light* ábrese á luz en cidades de fronteira como Rason, nas proximidades de China e Rusia.

Información extraída do libro “*A fronteira*”, de Erika Fatland. Ed. Tusquets, 2021.



China avanzou, desde finais do século XX, cara á implantación dunha economía de mercado capitalista, que permite a propiedade privada coexistindo coa do Partido Comunista, o principal dono.

Aínda que o “socialismo marxista” non teña unha notable expansión no mundo actual, algunhas das súas características (planificación indicativa, propiedade pública) foron adoptadas polas economías mixtas que hoxe predominan no planeta. En Israel, por


exemplo, creáronse de xeito voluntario -despois amparadas polo Estado- comunidades agrícolas (os kibutz), unhas agrupacións que fomentaron a propiedade colectiva e os salarios igualitarios dos seus membros. Outro exemplo sería o do Estado vietnamita que no 2015 controlaba case a metade das empresas do país. Mesmo houbo que esperar a 2011 para que operase en Laos un elemento característico do capitalismo, a Bolsa de valores. En China, onde puxa o sector privado, as empresas estatais poden representar aínda un terzo do total.

Nunha serie de países de América Latina, ao longo das primeiras décadas deste século, púxose en marcha o “socialismo do século XXI”. En Venezuela, por exemplo, unha serie de medidas lexislativas levaron a expropiar e nacionalizar empresas con investimento estranxeiro ou nacional. Houbo preocupación por asegurar o salario mínimo dos traballadores, elevar o gasto social e promover a diversificación da actividade económica. Contestado polas potencias capitalistas, o sistema pretendía reparar a desigualdade social entre clases.



Sabías que...?


Christiania é un autoproclamado territorio autónomo de case 900 residentes, nunha superficie de pouco máis de 30 hectáreas, no interior de Copenhague. Sitúase nunha vella área militar que foi ocupada por comunidades hippies en 1971. Formalmente, actúa como un territorio coas súas propias leis, no que non existe propiedade privada, e todo é compartido de xeito comunitario. Mesmo podes perder o dereito ao uso da vivenda se pasas 6 meses fóra dela. A experiencia, de base anarquista, pretende poñer en práctica modelos de comunitarismo que funcionaron en sociedades ben pequenas en todos os tempos da historia. Se queres saber máis, visualiza o seguinte vídeo:




Actividades

1. Compara o mapa dos países comunistas en 1980 co da actualidade. Indica no teu caderno as principais diferenzas. Que cres que pasou para que descenderan tanto o número de países que mantiñan este tipo de sistema?

Países comunistas en 1980



Países comunistas na actualidade



2. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

A Comuna de París foi o primeiro réxime comunista exitoso da historia.



Verdadeiro

☐ Falso

Os kibutz son cooperativas agrícolas israelíes nas que a propiedade é colectiva.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A ditadura do proletariado é a última fase do modelo comunista establecido por Marx.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A expropiación e nacionalización de empresas é unha característica do “socialismo do século XXI” en Venezuela.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

China continúa sendo hoxe en día un país comunista a nivel económico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As economías mixtas mesturan trazas dos sistemas económicos comunistas e capitalistas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

3. Relaciona os seguintes enunciados:

Modo de produción feudal

Reparto da riqueza segundo a máxima "a cada quen segundo as súas necesidades".

Modo de produción capitalista

Latifundistas e escravos.

Modo de produción romano

Burgueses e proletarios.

Ditadura do proletariado

Nacionalización dos medios de produción.

Comunismo

Señores e servos.

O capitalismo

As bases ideolóxicas do capitalismo

A propiedade privada regulouse formalmente no dereito romano, aínda que o mercado tardaría en desenvolverse. Foi escaso na Antigüidade e na Idade Media, mais medrou cos descubrimentos xeográficos dos séculos XV e XVI. Os **mercantilistas** eran da idea de que un estado era rico se exportaba moito e importaba pouco; pensaban que a base da riqueza era a acumulación de metais preciosos. Ante a afluencia de ouro e prata americanos a Europa, os prezos eleváronse. Xa no século XVIII, o **liberalismo económico** abríuse paso cos fisiócratas, que serían grandes impulsores do non intervencionismo estatal e de potenciar a agricultura. E veláí que inmediatamente despois xurde a teoría de Adam Smith, que implanta a semente teórica do **capitalismo** moderno.



Sabías que...?



A palabra capitalismo ven da latina caput, que significa “cabeza”, e designaba unha cabeza de gando. Dela derivou a verba capital, que na plena Idade Media usouse como sinónimo de “cantidade de cartos que hai que facer fructificar”. A palabra capitalista xa é empregada polos economistas do século XVIII e, xa no século XIX, aparece o termo capitalismo, empregada polo revolucionario francés Louis Blanc, co senso de “apropiación do capital duns excluindo aos outros.” Marx tamén a asociaría a un réxime socio-económico particular.

A partir de J. Ziegler: El capitalismo explicado a los jóvenes y a los no tan jóvenes. Edicións Invisibles, Barcelona, 2021, pp. 35-36.



A evolución do capitalismo

A evolución do capitalismo desde o século XVIII foi constante. No século XIX, a intervención do Estado na economía foi máis ben escasa. Coa implatación da URSS, e por influencia do seu intervencionismo socio-económico, os estados occidentais comezaron a plantexar economías mixtas que incluíron a creación do estado do benestar. A partir de finais do s. XX, o capitalismo^[1], tal e como sostén B. Milanovic no seu libro *Capitalismo, nada máis* (Ed. Taurus, 2020).



Sabías que...?

A teoría da man invisible é unha metáfora que defende a libre competencia e a economía de mercado como o mellor xeito de funcionar da economía. Foi formulada por Adam Smith no seu libro *A riqueza das nacións*. Segundo este economista, o mercado autorregúlase: se os empresarios perseguen o seu máximo beneficio, os consumidores obteñen produtos de consumo e salarios que lles permitirán vivir mellor. Unha “man invisible” contribúe a facilitar a división do traballo e a distribución dos bens dun xeito “armónico”.

A man invisible

Que é?

Teoría: A sociedade benefíciase cando a xente busca o seu propio beneficio

Paso 1

A xente quere gañar cartos.

Paso 2

Outra xente quere mercar cousas.

Paso 3

Os bos negocios medran e os malos negocios non.

Paso 4

Fanse mais cartos. Todo o mundo mellora!

Por que?

Argumento do capitalismo contra o comunismo.

Desenvólvese en

A riqueza das nacións.
Adam Smith

Outra máxima defendía que o intercambio comercial debía facerse sen intervención estatal (“*laissez faire, laissez passer*”). É unha máxima que promovía o comercio cos mínimos aranceis posibles.

A globalización económica e a difusión do capitalismo

Unha economía capitalista ten como bases: a propiedade privada dos medios de produción, favorecer a libre iniciativa empresarial e obter o máximo beneficio persoal.

Na evolución do sistema, a tendencia foi cara a concentración de capitais e o aumento da desigualdade. Estas tendencias acentuáronse coa globalización económica, provocando que a día de hoxe o capitalismo xere os seguintes efectos:

- potencia o consumismo.
- promove a deslocalización industrial.
- fomenta un desenvolvemento depredador e insostible no noso planeta.
- crea paraísos fiscais que fuxen ao control das facendas estatais.
- incrementa a desigualdade socioeconómica entre clases e países.

O método máis eficaz para “crear necesidades” na poboación é unha publicidade que se difunde a través dos medios de comunicación de masas de xeito repetitivo.




A VOZ DO EXPERTO

“A globalización é un proceso a moi longo prazo. As relacións entre as diferentes rexións do mundo fóronse forxando gradualmente desde 1500, a cotío a través de formas violentas como o colonialismo e a escravitude, pero tamén a través do intercambio cultural e a mestizaxe humana. A integración comercial, migratoria e financeira do planeta xa acadara dimensións impresionantes durante a Belle Époque (1880-1914). Non obstante, a magnitude dos contactos humanos e dos fluxos de información adquiriu unha dimensión moi distinta coa globalización dixital e hipercapitalista dos anos 1990-2020. (...) Esta interconexión do mundo non impide que exista unha grande diversidade de réximes sociopolíticos e desigualitarios. Segundo as fontes dispoñíbeis, o decil superior concentra o 35% da renda total en Europa, mentres que ronda o 70% en Oriente Próximo, en Sudáfrica e en Catar.”


T. Piketty: Capital e ideoloxía.
Ed. Deusto, 2019, pp. 776-777.

Incremento da desigualdade no mundo, 1980-2018



As grandes empresas privadas tenden a buscar a maximización de beneficios, contratando a man de obra con salarios baixos. Estes salarios baixos danse, sobre todo, en países menos desenvolvidos, polo que as empresas tenden a desprazarse alí. A consecuencia desta deslocalización é que nos países ricos descendén os salarios medios e aumenta a precariedade entre a cidadanía.

Mapa sobre globalización económica



A demanda global de produtos aumenta, e iso leva a desforestar superficies enormes de selvas tropicais, unhas terras destinadas á produción de cereais e gando para seren vendidos nos países máis ricos. A destrución de selvas virxes agranda os problemas medioambientais.

A difusión dos mercados online e a existencia de estados pequenos favorecen a escasa tributación fiscal. A recadación dos estados diminúe por mor de que capitalistas privados e empresas asenten as súas sedes neses **paraísos fiscais**.


Mapa de paraísos fiscais no mundo actual



A desigualdade entre ricos e pobres aumenta constantemente. As maiores fortunas están cada vez máis distantes dos salarios da clase baixa, e a clase media tende a reducirse en Norteamérica e Europa occidental. En promedio, o 10% máis rico controla o 90% dos recursos totais.

A **desigualdade** tamén aumenta entre países. Aqueles máis pobres e dependentes do sector primario para exportar ven como os prezos das súas materias primas mantéñense ou descenden no mercado internacional. Por contra, os países máis desenvolvidos -produtores en esencia de bens manufacturados que cada vez son máis caros no mercado internacional- tenden a ser cada vez máis ricos e acreedores dos pobres. Os desenvolvidos prestan axuda aos menos desenvolvidos a conta duns intereses ben grandes, que fan medrar a súa débeda externa de xeito desproporcionado.

PIB nominal (en millones de USD \$)



Mapa actualizado sobre PIB mundial. A partir de datos do FMI de 2020.



Sabías que...?

Desde comezos da Revolución Industrial, economistas e sociólogos teñen criticado os efectos negativos do sistema capitalista de libre competencia. Nos primeiros anos do s. XIX, o suízo Sismondi anticipou a proletarización e miseria da clase obreira. Para el, o capitalismo ía polarizar á poboación entre ricos e pobres, aumentando a desigualdade.

Nestes tempos, o francés T. Piketty ten analizado o incremento da desigualdade económica nas sociedades capitalistas. Este autor considera que a herdanza favorece que as clases máis ricas sexan cada vez máis ricas, por iso é partidario de aumentar os impostos sobre a propiedade herdada.

Noutra obra, o sociólogo suízo J. Ziegler cóntalle a súa neta a historia do capitalismo “coa esperanza de que ela o vexa desaparecer”.

En conxunto, a crítica esencial ao sistema capitalista é a relacionada coa idea de que promove a desigualdade. Solucionar este problema obrigaría a aumentar os impostos para tratar de redistribuir a riqueza e facilitar a igualdade de oportunidades, investindo na igualdade educativa e criticando a “meritocracia”.

Actividades

1. Ordena cronoloxicamente as fases do pensamento económico que levaron ao hipercapitalismo contemporáneo:

Globalización económica

Fisiocracia

Capitalismo

Mercantilismo

2. Selecciona o tipo de sistema económico axeitado para cada un dos países seguintes:

Estados Unidos ▶

China ▶

Alemaña ▶


España ▶

Rusia ▶

Vietnam ▶

Italia ▶

3. Observa o [seguinte mapa](#) e indica o que expresa. Con que fenómeno está relacionado?
4. A partir do seguinte video explica que son os paraísos fiscais e como afectan ás economías nacionais.



5. Selecciona nesta [ligazón](#) os dez países do mundo con maior débeda externa expresada en % do PIB. Representa os datos nun histograma.

↑[1] O capitalismo

Adquiríu dúas facianas:

1. A que se desenvolve nos países occidentais, orientados cara a un **capitalismo meritocrático liberal**.

Un claro exemplo sería o dos Estados Unidos de América. Aquí, a clase dominante controla a meirande parte do capital financeiro e do patrimonio, polo tanto mantén o control económico.

2. A que emerxe en antigos países de economía socialista, con incremento do libre mercado, e que se caracteriza por un **capitalismo político**.

Este tipo de capitalismo aséntase desde os anos 1990 en China. O Estado controla unha parte decrecente da propiedade e do emprego; o Partido Comunista Chinés mantense como **partido único**. O incremento da economía capitalista e de empresas privadas de grandes dimensións ten acentuado as desigualdades económicas dos habitantes.

O estado do benestar e as economías mixtas


O estado do benestar

Para paliar os efectos sociais negativos dun sistema económico que tendeu a incrementar as desigualdades económicas, os países capitalistas puxeron en marcha medidas de intervencionismo estatal na economía.

Desde finais do século XIX, ao mesmo tempo que crecía o capitalismo, algúns países avanzaron cara ao **estado do benestar**. A súa finalidade principal era tratar de regular a economía en cuestións sociais tales como:

- A educación obrigatoria e gratuíta.
- A seguridade social para todos.
- Unha sanidade universal e gratuíta.
- Uns servizos sociais para axudar a colectivos desfavorecidos.
- A protección do medio ambiente.

A intervención do Estado na economía dos países capitalistas, púxose en práctica a partir das ideas de J. Maynard Keynes para solucionar a crise económica de 1929 nos Estados Unidos. O “modelo keynesiano” reutilízase nos estados capitalistas en tempos de crise, e caracterízase por un maior intervencionismo na economía, tal que así:



Os Estados comezaron a outorgar protección social aos traballadores a través de diferentes medidas. Xa a mediados do século XX, as axudas estatais incrementáronse progresivamente: instituíronse as pensións de xubilación, o seguro de desemprego, axudas por estudos, etc. Era o xeito co que os países capitalistas trataban de poñer freo á posible expansión do comunismo e ás demandas dos sindicatos. En consecuencia, o estado do benestar comezou a redistribuír a riqueza por medio dos impostos progresivos (a máis riqueza, máis impostos). Os precursores na institucionalización deste modelo foron os países escandinavos, mais rematou por estenderse por todo o mundo desenvolvido. Os Estados asumiron:


- A creación de empresas públicas.
- A construción de infraestruturas.
- A xestión de servizos públicos.

As crises do estado de benestar

O estado do benestar pasou por diferentes crises, desde a do petróleo de 1973 ata a máis recente de 2008. Co aumento do desemprego, os gastos dos estados medraron, os ingresos diminuíron e moitas empresas estatais foron privatizadas. Dado que os impostos non subiron, o déficit do Estado aumentou. Unha serie de institucións internacionais, como o FMI e o Banco Mundial, promoveron a concesión de créditos a países con máis dificultades para reactivar a economía mundial. A liberalización de mercados promovida pola globalización facilitou a deslocalización empresarial.

Na crise de 2008, a creba bancaria abocou ao rescate do sistema financeiro. E os estados endebedáronse máis, recurtando en investimentos públicos e en gasto social. Ao reducirse o consumo por mor do aumento do desemprego, moitas empresas privadas tamén crebaron. Ademáis, os desafuzamentos afectaron a moitos cidadáns que foron incapaces de pagar as súas hipotecas.

A economía sumerxida dalgúns países supón unha alta proporción do PIB e do emprego. Pero, dado que non tributa fiscalmente, reduce os ingresos dos estados e impide a captación de recursos para investir en necesidades dos cidadáns.



Economías mixtas

O sistema de economía socialista nos países de partido único implantouse a partir de 1917 na futura URSS e, despois da Segunda Guerra Mundial, en países do leste de Europa, China, Cuba e algúns de África. En consecuencia, o sistema capitalista occidental adoptou características de aquel para dar lugar a **economías mixtas**. Neste tipo de sistema económico, características socialistas e capitalistas mestúranse, dando lugar a estados con planificación indicativa e nacionalización de sectores clave.

Coa caída do bloque comunista, a meirande parte das economías do mundo son mixtas. O Estado participa directamente na regulación dos mercados e na loita contra os monopolios empresariais.

Actividades

1. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

O estado do benestar inclúe unha renda mínima garantida para cada cidadán.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O estado do benestar proporciona educación e sanidade gratuítas aos cidadáns.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Na economía sumerxida evádense pagos de impostos á facenda pública.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A planificación indicativa é un trazo dunha economía socialista aplicada ás economías mixtas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As pensións de xubilación non son garantidas polo estado do benestar.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A crise de 2008 foi unha crise bancaria.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

2. Sinala cales das seguintes características son propias de economías mixtas:

☐ Planificación indicativa.

☐ Nacionalización de sectores clave.

☐ Abolición da propiedade privada.


☐ Non intervencionismo estatal.

☐ Fisiocracia.


3. Observa o seguinte mapa e elabora un histograma cos datos da economía sumerxida nas comunidades autónomas españolas. Reflexiona sobre o resultado e comenta as conclusións.

A economía sumerxida en España

Porcentaxe do PIB rexional que supón a economía sumerxida




- 4. Actividade de ampliación.** En grupos. Visualizade o seguinte video e logo elaborade un esquema sobre que é un monopolio. Buscade exemplos na realidade, de empresas que teñen prácticas monopolísticas ou as intentan.



Presente e futuro do capitalismo

O capitalismo é un sistema que pasou por diversas crises en momentos recentes: o crack bursátil de 1929, a crise do petróleo de 1973, a burbulla inmobiliaria de 2008. Mesmo a crise sanitaria da COVID-19 en 2020 converteuse en crise económica.

Observa a seguinte gráfica. É a representación baseada na teoría dos ciclos de Kondrátiev, que pretende ilustrar como as crises económicas formarían parte ineludible do sistema capitalista.



Cómo podes comprobar, Kondrátiev propuña a existencia de ciclos de expansión vencellados a diferentes tecnoloxías. A tendencia máis recente é a da redución dos ciclos de crecemento e a incidencia máis periódica das crises económicas.



Sabías que...?

O gran auxe da creación de empresas xigantescas, presentes en varios continentes á vez, tivo lugar na última década do século XX. Algunhas cifras son sorprendentes. 500 transnacionais xa acaparan o 52,8% do PIB mundial anual.

Oitenta e cinco millónarios acaparan tantos bens como a metade máis pobre da humanidade.

En 2020, en plena pandemia de COVID-19, os salarios dos altos directivos das empresas do IBEX, (as principais cotizantes en Bolsa en España) foron 12,7 veces os dos empregados.

A pesar de tentar poñer límites á concentración do capital en poucas mans, o capitalismo está dominado polas grandes empresas que acumulan riqueza e poder.

Consecuencias económicas da pandemia de COVID-19

A crise sanitaria de COVID-19 provocou unha crise en todo o mundo, que se difundiu a velocidade récord. As bases do mercado (oferta e demanda) diminuíron a súa actividade provocando as seguintes consecuencias:

- As empresas baixaron o seu ritmo de produción. Traballadoras e traballadores, confinados, non puideron ir traballar. A chegada de materias primas ás fábricas diminuíu polo estancamento do transporte, co cal, a oferta descendeu.
- No referente á demanda, boa parte dos consumidores viron reducidos os seus recursos, xa que pasaron ao paro ou aos ERTE. A adquisición de produtos minguou, e a incertitude diante do futuro provocou un descenso do consumo.
- As bolsas de valores viron caer o valor das accións das empresas, co cal o investimento decaeu.

Ante esta situación, o Estado tivo que axudar a empresas e fogares para evitar crebas. As autoridades monetarias tamén mantiveron as taxas de interese baixas, para evitar

a redución do consumo e do investimento. Para recuperar o crecemento económico, auténtica obsesión dos estados, fai falla tamén recuperar a confianza de empresas e consumidores.

Cambios de cara ao futuro

Algúns economistas reclaman un [cambio cara a un tipo de socialismo redistributivo](#), máis respectuoso co medio ambiente. Outros coidan que o capitalismo venceu para sempre. Aínda no caso de que o capitalismo funcionara á hora de expresar o desexo de todo o mundo de acadar o máximo beneficio, hai un gran risco: a excesiva concentración do poder en mans duns poucos. E iso ben podería provocar o goberno da plutocracia nun futuro. Incluso as moedas físicas poden verse substituídas por criptomoedas.



Sabías que...?

O ilustrador Abraham Martínez escribiu en 2018 unha historia chamada *Plutocracia*. Trátase dunha distopía que ilustra como, nun hipotético futuro (2051), a maior empresa do planeta denominada “A Compañía”, faise co goberno mundial e comeza a dirixir o seu destino como se fose unha empresa. Trátase do goberno dos plutócratas, “os máis ricos”.

[Aquí](#) podes saber máis sobre esta obra.

Actividades

1. Sinalas se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

Durante a pandemia da COVID-19, o Estado non interveu nada na economía.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A plutocracia é o goberno do proletariado.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Algunhas empresas transnacionais son máis poderosas ca moitos estados non desenvolvidos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O sistema capitalista ten un desemprego crónico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As crises máis recentes do sistema capitalista foron a de 2008 e a da COVID-19.

☐ Verdadeiro



Falso

2. Observa a gráfica e clasifica por sectores económicos as empresas das dez persoas máis ricas do mundo en 2021:



3. Observa o seguinte [mapa](#) sobre a “nova ruta da seda”. Explica, a partir da lenda, que se representa nel. Cal era a “antiga ruta da seda”? Dende cando se chama así? En que se diferencia da nova?




4. Consulta a seguinte [ligazón](#) e elabora un gráfico de sectores coa capitalización bursátil -por países- das principais multinacionais do mundo. Cal é o país con máis capitalización bursátil?

Ao peche

Que aprendiches?

Cando comezamos a unidade fixémosche unhas cantas preguntas. Moitas delas pode que as souberas, pero moitas outras non. Agora que xa tes moita máis información podes contestar a todas elas. Imos tentalo.

1. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Que entendes por globalización?

A large, empty rectangular box with a thin grey border, intended for the user to write their reflection on globalization.

2. **Reflexiona e valora o teu traballo.** Pensas que vivimos nun sistema económico xusto?

- 3. Reflexiona e valora o teu traballo.** Cantos sistemas económicos coñeces a día de hoxe?

- 4. Reflexiona e valora o teu traballo.** Cales son os sectores de actividade económica na nosa sociedade? Cal consideras que é o máis importante?

Avalíate

Amosámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres

intentos para superar cada actividade.

Lembra **seguir estes pasos** para realizar estas actividades que che servirán de gran axuda:

1. Le atentamente o enunciado.
2. Identifica que che preguntan.
3. Ordena, se é necesario, os datos que che piden.
4. Resolve a actividade.
5. Asegúrate de que contestaches todas as preguntas.
6. Se o precisas, repite todos os pasos.

5. Relaciona correctamente os seguintes conceptos:

Membros do circuito económico

Menos de 50 empregados

Cando a demanda é maior ca a oferta

O prezo dos produtos sube

Empresa grande

Integrado por países emerxentes

Empresa pequena

Estado, empresas e familias

G-20

Integrado polas grandes potencias económicas do planeta

G-7

Máis de 250 empregados

6. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

A propiedade privada é unha base esencial do capitalismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os habitantes de culturas indíxenas viven á marxe do capitalismo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

A Tríada está formada por Australia, UE e Rusia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

As grandes transnacionais que dominan hoxe o mundo son esencialmente chinesas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso


O estado do benestar está hoxe en día en crise.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

-
- 7.** Observa de novo o seguinte mapa e selecciona a opción correcta. Cales dos seguintes países son considerados como principais áreas de deslocalización industrial?

Mapa sobre globalización económica



☐ Australia e Nova Celandia

☐ África subsahariana

☐ Brasil e Arxentina

☐ India e SL asiático

8. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

O IBEX-35 é un índice que agrupa ás 35 empresas máis capitalizadas na Bolsa española.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Amazon é un monopolio.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

China é hoxe en día un bo exemplo de capitalismo político.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

A construción e a industria forman parte do sector secundario.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Unha empresa pública é de propiedade estatal.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

Nun paraíso fiscal, os impostos ás empresas son máis altos ca en calquera país da UE.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

9. Cales das seguintes características son propias do sistema capitalista?

- ☐ Partido único.
- ☐ Propiedade colectiva dos medios de produción.
- ☐ Ditadura do proletariado.
- ☐ Garantía da propiedade privada.
- ☐ Libre mercado.
- ☐ Sistema político multipartidista.

10. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

O estado do benestar proporciona educación e sanidade gratuítas aos cidadáns.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A economía sumerxida supón, de media en España, máis do 20% da economía global.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A planificación indicativa é un trazo actual das economías mixtas.

- ☐ Verdadeiro
 - ☐ Falso
-

As pensións de xubilación non están garantidas polo estado do benestar.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

A crise de 2020 foi unha crise sanitario- económica.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

11. Completa o seguinte texto co as palabras axeitadas:

Marx e ____ puxeron as bases do pensamento ____ contemporáneo. Despois da revolución soviética, o modelo comunista comezou a implantarse na URSS. Pero colapsou como sistema económico a finais do s. XX. Aínda hoxe, algúns antigos países comunistas, como ____, manteñen case o 80% das explotacións agrarias en mans do Estado. Por contra, en países oficialmente comunistas como ____ triunfa o ____ político, un modelo de partido único que permite xa a formación de empresas ____ transnacionais que compiten no mercado global.

12. Selecciona cales das seguintes características pertencen ao capitalismo meritocrático:

- ☐ A tendencia á concentración empresarial é máxima.
- ☐ O sistema político é de partido único
- ☐ As desigualdades económicas aumentan de xeración en xeración.
- ☐ O Estado controla unha boa parte da propiedade e do emprego.
- ☐ A clase dominante controla a meirande parte do capital financeiro.

13. Identifica cales foron as maiores crises do capitalismo contemporáneo:

- ☐ Crise financeira de 2008.
- ☐ “Ledos anos vinte”.
- ☐ Segunda postguerra mundial.
- ☐ Belle Époque.
- ☐ Primeira Guerra Mundial.
- ☐ Crise do petróleo de 1973.
- ☐ Crack de 1929.
- ☐ Crise sanitaria da COVID-19, en 2020.

14. Identifica a que lugares pertencen as seguintes iniciativas:

Kibutz	Corea do Norte
Socialismo do século XXI	Dinamarca
Songbun	Venezuela
Christiania	Israel

Reforza

15. Relaciona cada axente económico coa súa correspondente función:

	O Estado	As familias	As empresas
Provee de infraestruturas	☐	☐	☐
Principais consumidores	☐	☐	☐
Cobra impostos	☐	☐	☐
Dan emprego	☐	☐	☐
Nutren de forza de traballo	☐	☐	☐

16. Sinala cales dos seguintes estados pertencen á Tríada:

- | | |
|---|---------------------------------------|
| ☐ México | ☐ Arxentina |
| ☐ Australia | ☐ Xapón |
| ☐ Sudáfrica | ☐ Gran Bretaña |
| ☐ Estados Unidos | ☐ India |
| ☐ Canadá | ☐ Francia |
| ☐ Alemaña | ☐ Brasil |

17. Le os seguintes enunciados e selecciona opción correcta:

- O aumento das desigualdades económicas. É unha crítica ao ... ▼
- Favorécese a creación de oligarquías socio-económicas. É unha crítica ao ... ▼

- A creación dunha sociedade comunista é utópica. É unha crítica ao ...
- Non respeta a liberdade dos individuos. É unha crítica ao ...
- É un sistema económico que non promove a competencia nin a innovación. É unha crítica ao ...
- Está sometido a crises cíclicas. É unha crítica ao ...

18. Relaciona cada pobo indíxena co seu continente de orixe:

	África	Asia	América	Oceanía
San	☐	☐	☐	☐
Masai	☐	☐	☐	☐
Mongois	☐	☐	☐	☐
Inuit	☐	☐	☐	☐
Maoríes	☐	☐	☐	☐

19. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

O capitalismo promove a deslocalización industrial.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

Os factores de produción son a terra o traballo e o capital.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

O capitalismo é moi respetuoso co medio ambiente.

☐ Verdadeiro

☐ Falso


A silvicultura é unha actividade propia do sector terciario.

☐ Verdadeiro


☐ Falso

Amplía

- 20.** Crea un mapa coroplético no que representes os países e entidades supranacionais membros do G-20.



- 21.** Investiga que é o triángulo de Hess. Que pasou finalmente con el? Que sistema económico se atopa detrás desta acción?



- 22.** Para rematar, le o seguinte texto e indica as orixes do estado do benestar e as implicacións prácticas do mesmo:

“O concepto de estado do benestar apareceu en algúns países a finais do século XIX, primeiro timidamente, acompañando aos avances do capitalismo. Referíase á intervención do Estado para outorgar algo de protección social aos traballadores, a través do seguro de enfermidade, por exemplo. Tras a Segunda Guerra Mundial, esta protección, esta axuda, que respondía a unha esixencia de xustiza social, evolucionou (pensión de xubilación, seguro de paro, prestacións familiares, axudas sociais, bolsas de estudos, etc.), aínda que loxicamente foi máis por medo de ver medrar as loitas sociais e sindicais, o comunismo, etc. O estado do benestar puxo en marcha importantes sistemas de seguridade social e de redistribución das riquezas, por exemplo a través de baremos fiscais progresivos, segundo os que os máis pobres pagaban pouco e os máis ricos, moito. Así pagou escolas, garderías, hospitais e transportes públicos e subvención á cultura, as actividades deportivas, etc.”

J. Ziegler: *O capitalismo explicado aos novos e aos non tan novos*.
Edicións Invisibles, Barcelona, 2021, pp. 106-107.

Glosario

Acción bursátil

Título de propiedade con valor monetario co que unha empresa concorre en Bolsa para financiarse. É cada unha das partes nas que se divide unha sociedade anónima.

Axentes económicos

Son aquelas persoas físicas ou xurídicas (principalmente empresas), que participan nalgunha parte do circuíto económico.

Banco Mundial

Organización financeira internacional, ligada á ONU, que ten como principal actividade facilitar créditos a países en desenvolvemento.

Bolsa de valores

Mercado no que se poñen en contacto oferentes e demandantes de capital, que realizan as transaccións a través de intermediarios autorizados. Nela cotizan as empresas moi grandes que venden accións para capitalizarse.

BRIC'S

Sigla que fai referencia aos 5 países con economías emerxentes ou recentemente industrializadas máis significativas do planeta: Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica.

Capitalismo

Sistema socioeconómico baseado na defensa da propiedade privada dos medios de produción, no libre mercado e na libre circulación de capitais.

Consumismo

Tendencia a adquirir, consumir e acumular bens e servizos que, moitas veces, non son necesarios. É un fenómeno económico e social desenvolvido no s. XX, reforzado pola publicidade e plenamente identificado coa expansión do capitalismo.

Criptomoeda

Tipo de moeda dixital que utiliza a criptografía -técnica de cifrado- para proporcionar

un sistema de pagos seguro. As criptomonedas non precisan de ningún banco central ou institución estatal que as controle.

Débeda externa

É o conxunto de obrigas que ten un país con acreedores extranxeiros. Pode ser pública -do Estado- ou privada. Médese moitas veces en porcentaxe sobre o PIB.

Dirixismo económico

Ideoloxía política e económica que propón que o Estado asuma unha moi importante intervención na economía do país.

Economía mixta

Sistema de organización económica no que se combina a actuación do sector privado coa do sector público (amparado polo Estado), que actúa como regulador e corrector do primeiro.

Economía sumerxida

É o volume total de “diñeiro negro” que circula nun país, isto é, o conxunto de transaccións monetarias non declaradas ás autoridades fiscais ou monetarias competentes. Deste xeito, esas “operacións ocultas ao fisco” non tributan impostos.

Empresa transnacional

É aquela que realiza actividades produtivas ou comerciais a nivel internacional. Establece a súa matriz nun país e logo exténdese a outros países do mundo ao crear empresas relacionadas. Tamén coñecida como “empresa multinacional” (EMN).

ERTE

Expediente de Regulación Temporal de Emprego. É unha medida de flexibilización laboral que permite a unha empresa suspender os contratos de traballo ata un tempo acotado. Ao final deste, a empresa está obrigada a recuperar as condicións contractuais previas ao establecemento deste expediente e ten que manter aos empregados no seu posto de traballo.

Estado do benestar

Conxunto de accións por parte do Estado (a través do goberno) en busca de redistribuír a riqueza e garantir un benestar xeral da poboación.

Factores de produción

Son os recursos que unha persoa ou unha empresa utilizan para producir bens e servizos. Tradicionalmente considéranse tres factores principais de produción: o capital, o traballo e a terra.

Fisiocracia

Escola de pensamento económico do século XVIII en Francia, que defendía que a terra é a base da riqueza, en oposición ás ideas do mercantilismo. Tamén promoveu o liberalismo comercial dentro da súa doutrina.

FMI

Fondo Monetario Internacional. Organismo composto por case todos os países do mundo. Unha institución ligada á ONU que é considerada o eixo do sistema monetario a nivel internacional. Supervisa as economías dos distintos Estados e propón medidas para facilitar a estabilidade das mesmas.

G-7

Grupo de países ("Grupo dos Sete") constituído polas 7 potencias económicas capitalistas principais do mundo a finais do século XX: Alemaña, Canadá, Estados Unidos, Francia, Italia, Reino Unido e Xapón).

G-20

"Grupo dos 20", foro internacional de gobernantes e presidentes de bancos centrais. Foi establecido para promover a estabilidade financeira internacional. Son 19 países, potencias económicas e países emerxentes (Alemaña, Arabia Saudita, Arxentina, Australia, Brasil, Canadá, China, Corea do Sur, Estados Unidos, Francia, India, Indonesia, Italia, México, Reino Unido, Rusia, Sudáfrica, Turquía e Xapón), e unha institución supranacional, a UE, que agrupan máis do 80% do PIB mundial e dúas terceiras partes da poboación total do planeta.

Globalización económica

É a integración dos diferentes países do mundo a partir dun incremento dos intercambios comerciais e os fluxos de investimentos. Tamén a man de obra pode

circular con maiores facilidades entre países.

Hipercapitalismo

Termo que se adxudica á versión máis agresiva do capitalismo. O sistema económico tende á concentración de monopolios e a manipulación das políticas económicas. Está asociado á difusión do pensamento neoliberal, desde finais do s. XX.

Libre mercado

É aquel no que os prezos dos bens e servizos determínanse pola interacción da oferta e da demanda.

Liberalismo

Doutrina económica que mantén que o mellor xeito de acadar o desenvolvemento económico é un mercado libre, sen intervención algunha por parte do Estado. Este pensamento está na base do triunfo do capitalismo.

Monopolio

Dise dunha empresa que, nun mercado, é o único oferente dun certo ben ou servizo.

Nacionalización

Proceso mediante o que o Estado pasa a ser propietario ou controlador de bens ou actividades económicas que, ata ese momento, eran xestionadas polo sector privado.

Neoliberalismo

Corrente de pensamento económico e político do século XX, que defende o liberalismo clásico, en defensa do sistema capitalista. Este tipo de pensamento está na base da globalización económica actual e na redución do intervencionismo do Estado na economía.

Oligopolio

Estrutura de mercado na que existen poucos competidores e cada un deles ten certa capacidade para influír no prezo e cantidade ofertada.

OMC

Organización Mundial do Comercio, organización internacional que ten por obxectivo a liberalización do comercio internacional entre todos os países do mundo. Creada a finais do s. XX, é un dos piares da globalización económica.

ONU

Organización das Nacións Unidas. Entidade supranacional que agrupa a case todos os países do mundo. Xurdíu a finais da Segunda Guerra Mundial e busca manter a paz e a seguridade mundiais, así como fomentar o progreso económico e social conxunto. Tamén intervén en crises humanitarias e fomenta o respecto dos dereitos humanos.

Paraíso fiscal

Zona xeográfica (habitualmente un Estado) no que o réxime tributario impón cargas fiscais moito máis baixas en comparanza co resto do mundo. Esa é a razón da fuga de capitais desde países ricos a estes paraísos, para evitar tributar impostos nos países de orixe das empresas.

PIB

Produto Interior Bruto. Indicador económico que reflicte o valor monetario de todos os bens e servizos finais producidos por un país ou rexión nun determinado período de tempo, habitualmente un ano.

Planificación indicativa

Forma de planificación económica exercida habitualmente por un goberno capitalista, centrada en mellorar o rendemento económico e facilitar a competencia.

Plusvalía

Concepto desenvolvido por Marx. É o excedente monetario orixinado polo traballo humano en cada fase do circuito económico. Marx consideraba que a plusvalía xerada polo proletariado no proceso de produción non era distribuída de xeito equitativo entre burgueses e proletarios. Era o empresario burgués o que quedaba coa plusvalía dos bens, mentres que pagaba salarios míseros aos traballadores.

Plutocracia

Forma de goberno na que o poder están en mans dos máis ricos ou moi influído por

eles. Tamén recibe este nome a clase social dos máis ricos, que dese xeito controlan ou inflúen nos gobernos.

Silvicultura

Conxunto de actividades que están relacionadas co cultivo, coidado e explotación dos bosques e dos montes. A produción de madeira é a máis común destas actividades.

Socialismo

Sistema socioeconómico que ten como base ideolóxica a defensa da propiedade colectiva, fronte á defensa da propiedade privada dos medios de produción e distribución que mantén o capitalismo.

Sociedade anónima

Empresa capitalista de grandes dimensións na que o capital divídese en accións.

Ligazóns

<http://www.ige.eu/>

<http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

Directorio de empresas e unidades locais

https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?

[idioma=gl&codigo=0307006001](https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006001)

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2021

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autoría dos contidos: Félix Longueira Fafián, Xosé Antón García González, Darío Doval Blanco, Ana María Regueira, Emilia Rodríguez Eirís e Rosalía Regueiro Méndez.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2021.

ISBN: 978-84-18513-38-1